



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O CONCELLO DE BOBORÁS PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA E ADECUACIÓN DO MÓDULO DE VESTIARIOS E SALAS ANEXAS DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DE BOBORÁS

Santiago de Compostela, 2025

### REUNIDOS

Por unha parte, Diego Calvo Pouso, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 44/2024 do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Por outra parte, Ana Patricia Torres Madureira , alcaldesa do Concello de Boborás en virtude das facultades representativas que lle atribúen os artigos 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

As persoas reunidas actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que exercen, recoñécese capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración, e para o efecto

### EXPOÑEN

**Primeiro.** A Constitución española sinala no seu artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Seguindo este mandato constitucional, cómpre impulsar políticas públicas de cooperación interadministrativa, en especial no mantemento dos servizos públicos de carácter local que teñen un impacto directo na calidade de vida das persoas.

**Segundo.** A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (en diante





LALGA), recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.

Así mesmo, o actual contexto de austeridade e control do gasto público en que se desenvolve a actuación do conxunto das administracións obriga a activar medidas tendentes á xestión eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de garantir a prestación de servizos á cidadanía en condicións de calidade e igualdade.

**Terceiro.** Entre as competencias que lle corresponden á Xunta de Galicia en materia de relacións coas entidades locais galegas, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da LALGA, figuran as de cooperación e colaboración, mediante subvencións eventuais ou continuas, que poderán materializarse, entre outras posibilidades, a través da subscrición de convenios.

Neste mesmo sentido, o artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que as administracións públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios de colaboración con suxeitos de dereito público e privado, sen que isto poida supor cesión da titularidade da competencia.

**Cuarto.** A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local conformidade co previsto no Decreto 136/2024 do 20 de maio polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

**Quinto.** Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 80 e 81 da LALGA, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre os que se atopan a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

Pola súa banda, a Comunidade Autónoma de Galicia ten como obxectivo o desenvolvemento equilibrado do territorio galego, do medio rural e do urbano, do interior e da faixa costeira, que permita o progreso económico da totalidade do territorio e que a cidadanía galega teña unhas óptimas condicións de vida, con independencia do seu lugar





de residencia, potenciando e apoiando a prestación de servizos por parte dos nosos concellos, que son a Administración máis próxima aos administrados.

O obxectivo común é conseguir ou mellorar o funcionamento dos servizos e das infraestruturas municipais, de forma que os concellos poidan prestar servizos de calidade á veciñanza con independencia do seu lugar de residencia.

**Sexto.** O Concello de Boborás manifestou a necesidade de asistencia por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para a finalización das obras de mellora e adecuación do módulo de vestiarios e salas anexas do pavillón polideportivo municipal de Boborás

O pavillón polideportivo municipal de Boborás sitúase ao norte do núcleo principal, nunha área que se está consolidando como espazo público de servizos deportivos, educativos e socioculturais. Nas súas inmediacións atópanse o CEIP Nosa Señora de Xuvencos, o Centro Sociocultural Manuel Chamoso Lamas, e o novo centro de saúde, actualmente en tramitación. Ademais, o entorno foi obxecto dunha profunda transformación urbana coa implantación de novos equipamentos públicos: pista multideporte exterior, parque infantil e piscinas municipais. Esta concentración de servizos públicos converte esta zona nun núcleo de actividade comunitaria de referencia, tanto para a poboación local como para as parroquias limítrofes, ofrecendo unha dotación accesible, segura e funcional para o conxunto do municipio.

O pavillón municipal foi obxecto de importantes melloras entre finais de 2024 e a primeira metade de 2025, centradas en

- Mellora da eficiencia enerxética do módulo de vestiarios e salas anexas.
- Renovación integral da iluminación interior da pista, substituíndo os sistemas tradicionais por tecnoloxía LED de baixo consumo.
- Reforma das instalacións básicas e da envolvente térmica do módulo oeste.

Cómpre sinalar que, para poder levar a cabo as actuacións de mellora da eficiencia enerxética e da envolvente, foi necesario levantar por completo as instalacións e acabados existentes, o que deixou os vestiarios e as salas anexas impracticables. Por este motivo, resulta imprescindible executar agora unha segunda fase de adecuación interior,





orientada a adaptar os espazos e renovar os seus acabados e elementos funcionais, garantindo así o correcto uso das instalacións e a súa posta en servizo definitiva. Esta intervención permitirá completar a transformación integral do edificio, incluíndo aquelas partidas que non puideron ser subvencionadas anteriormente, pero que resultan necesarias para a súa plena operatividade e confort.

A execución destas melloras responde a unha clara necesidade pública e social, baseada en distintos aspectos: o servizo esencial para a cidadanía, o fomento da actividade física e da saúde, a accesibilidade e igualdade de oportunidades, a cohesión social e dinamización comunitaria, o aproveitamento racional do investimento público, a optimización de recursos públicos, a atracción de actividades e eventos e o valor engadido no entorno urbano.

**Sétimo.** Destas circunstancias, derivanse as razóns que acreditan o interese público, social e económico da actuación e xustifican a dificultade da súa convocatoria pública, segundo o disposto no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrencia pública, xa que o obxecto do convenio é atender as circunstancias específicas do Concello de Boborás co fin de que esta entidade local poida mellorar as infraestruturas vinculadas á prestación dos servizos municipais, recuperar o normal funcionamento das funcións que ten encomendadas e dos servizos que se lle prestan á veciñanza, como é facilitarlles a práctica de actividades deportivas.

**Oitavo.** O Concello de Boborás o cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención de acordo co disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, acreditou o cumprimento do deber de remisión da conta xeral do exercicio 2024 ao Consello de Contas de Galicia.

**Noveno.** A achega económica da Xunta de Galicia farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 05.01.121A.760.0 (Código de proxecto 2015 00088) na que existe crédito adecuado e suficiente.

**Décimo.** Con base en todo o anterior, co fin de materializar a colaboración antes descrita e ao considerar que concorren as circunstancias que así o aconsellan, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Boborás acordan subscribir este convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes



## CLÁUSULAS

### Primeira. Obxecto.

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Boborás para a finalización das obras de mellora e adecuación do módulo de vestiarios e salas anexas do pavillón polideportivo municipal de Boborás efectuando as seguintes actuacións:

#### a) No Interior do módulo de vestiarios:

- Trasdosado directo de paneis fenólicos HPL en paramentos de duchas.
- Cabinas de inodoros e frontes de ducha formados por paneis fenólicos HPL.
- Reforma de mesados de lavabos existentes.
- Trasdosado autoportante de placas de xeso laminado de alta dureza.
- Revestimento vinílico de PVC.
- Reubicación de dous aparatos sanitarios existentes: urinarios do vestiario masculino.
- Colocación de 4 portas interiores abatibles.
- Colocación de elementos de protección contra incendios.

#### b) No exterior do módulo de vestiarios:

- Pintado de paramentos de bloque de formigón.
- Pintado de reixas de ferro.

### Segunda- Investimento programado e cofinanciamento das actuacións

O importe total das actuacións a realizar ao abeiro deste convenio ascende á **cantidade de corenta e catro mil trinta e sete euros con noventa e cinco céntimos (44.037,95 €)** IVE incluído, segundo a memoria detallada e valorada, cuxo orzamento se xunta como anexo I a este convenio e do cal forma parte.

A **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, achegará a **cantidade máxima de corenta mil euros (40.000 €)** con cargo a aplicación orzamentaria 05.01.121A.760.0





(código de proxecto 2015 00088), do orzamento de gastos da Secretaría Xeral Técnica para o exercicio 2025.

O **Concello de Boborás** achegará a **cantidade de catro mil trinta e sete euros con noventa e cinco céntimos (4.037,95 €)** do seu orzamento de gastos para o exercicio 2025.

### **Terceira. Obrigas do concello.**

Ademais das establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento, son obrigas do Concello de Boborás:

1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
2. Destinar os fondos que se perciban á execución do proxecto para o cal se concede esta subvención, executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio e cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel.
3. Tramitar o expediente de contratación conforme á normativa de aplicación no ámbito local e, especificamente, a que rexe as contratacións das administracións públicas; será o concello contratante o responsable directo das consecuencias que poidan derivar dos incumprimentos.
4. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, no prazo e na forma establecidos neste convenio e demais normativa de aplicación.
5. Reintegrar, total ou parcialmente, as cantidades percibidas, se as houber, xunto cos xuros de demora correspondentes, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia, nos seguintes supostos:
  - a. Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención e para a correcta execución e xustificación do proxecto subvencionado.
  - b. Incumprimento da obriga de xustificar a efectividade dos pagamentos nos termos da cláusula sétima deste convenio.





- c. Reintegrarase o exceso de financiamento público polo importe pagado que exceda a cantidade resultante de aplicarlle ao gasto xustificado a porcentaxe de subvención correspondente, nos termos do artigo 21 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
  - d. No suposto de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas respecto do custo do proxecto ou actividade, nos termos do artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
  - e. Incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
  - f. Nos demais supostos de aplicación, nomeadamente os establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
6. Destinar os bens ao fin concreto para o cal se concede a subvención durante un período mínimo de cinco anos, e reintegrar as cantidades percibidas no caso de incumprimento desta obriga. A axuda só será definitiva se non sofre antes de transcorridos cinco anos do seu remate, unha modificación que afecte a natureza do investimento.
  7. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
  8. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2006 e o artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
  9. Subministrarlle á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes toda a información que se lle requira en materia de transparencia, de acordo co establecido no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
  10. Colaborar e facilitar canta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como someterse ás actuacións de





supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ás xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.

#### **Cuarta. Obrigas da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**

1. A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, cooperará na realización da actuación a que se refire a cláusula primeira deste convenio de colaboración, **mediante a achega máxima de 40.000 €** con cargo á aplicación orzamentaria 05.01.121A.760.0 (código de proxecto 2015 00088) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2025. Este importe representa o **90,80%** do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio.
2. No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha realización deficiente da totalidade do proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, e manterase constante a porcentaxe da axuda respecto ao custo total do investimento.

#### **Quinta. Gastos subvencionables**

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos en que incorrese o Concello como consecuencia da realización de actuacións acordes co seu obxecto, mesmo aqueles que se efectuasen con anterioridade á sinatura deste, sempre que se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio económico.

#### **Sexta. Conta xustificativa**

1. Para recibir o importe da subvención e para xustificar a aplicación dos fondos percibidos, o Concello de Boborás deberá acreditar a execución do proxecto subvencionado mediante a presentación da seguinte documentación:
  - a) Facturas tramitadas conforme ao procedemento que rexe para a Administración local.
  - b) Declaración responsable asinada electronicamente pola persoa representante da entidade beneficiaria, na cal se faga constar:
    - O conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para as mesmas actuacións solicitadas ao abeiro deste convenio, das distintas





administracións públicas competentes ou outros entes públicos e o compromiso de comunicar decontado cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

- Que o Concello non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario dunha subvención.

Para os efectos do previsto no artigo 31.7 e concordantes da Lei de subvencións de Galicia, esta declaración será documento suficiente para acreditar que a entidade beneficiaria está ao día nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma e que non é debedor por resolución de procedemento de reintegro.

c) Certificación emitida e asinada electronicamente pola persoa secretaria do concello beneficiario, na cal se faga constar:

- O acordo de aprobación polo órgano competente do concello beneficiario das facturas, no cal conste que se cumpriu a finalidade para a cal foi concedida a subvención e que inclúa a relación de gastos con identificación das persoas acreedoras, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga.
- Que, segundo informe da intervención municipal, se tomou razón na contabilidade, en fase de recoñecemento da obriga, dos gastos correspondentes á execución do proxecto subvencionado.
- Que, segundo informe da persoa secretaria do Concello, na tramitación e contratación, se cumpriu a normativa de aplicación no ámbito local e, especificamente, a que rexe as contratacións das administracións públicas.

d) Nos supostos en que sexa esixible, a entidade beneficiaria deberá presentar:

- Documento acreditativo da publicación do anuncio da licitación do contrato por calquera dos medios establecidos no artigo 347 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.





- Copia compulsada da resolución de adjudicación do contrato, onde quede acreditado que a elección entre as ofertas se realizou con base en criterios fundados na mellor relación-calidade prezo ou, nos supostos permitidos pola lei, nun único criterio relacionado cos custos.

Á vista desta documentación o órgano competente da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes expedirá certificación acreditativa do cumprimento por parte do concello beneficiario e dentro dos prazos establecidos, dos requisitos exixidos neste convenio para proceder ao pagamento da subvención.

2. A Secretaría Xeral Técnica poderá solicitar calquera outra documentación necesaria para a correcta verificación da subvención.
3. A data límite para a execución das actuacións subvencionadas e para presentar a documentación xustificativa da subvención será o **15 de decembro 2025**.
4. A falta de presentación da xustificación no prazo indicado comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

### **Sétima. Subcontratación parcial ou total**

1. Para a execución do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio, o Concello de Boborás poderá subcontratar parcial ou totalmente o investimento subvencionado, salvo que o impida a súa natureza. En ningún caso poderán subcontratarse actuacións ou partidas que, aumentando o custo do proxecto subvencionado, non acheguen valor engadido ao seu contido.

Os contratistas quedarán obrigados soamente ante a entidade beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución do proxecto subvencionado fronte á Administración concedente.

2. A tramitación da contratación será realizada polas entidades beneficiarias conforme a normativa vixente en materia de contratación do sector público, especificamente a que rexe as contratacións das entidades locais, e serán estas as responsables directas das consecuencias que poidan derivar dos incumprimentos.





3. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, as entidades beneficiarias deberán acreditar, xunto coa documentación xustificativa da subvención, a publicación do anuncio da licitación do contrato por calquera dos medios establecidos no artigo 347 da devandita lei.

Tamén deberán achegar a resolución de adxudicación do contrato, na cal se xustifique que a elección entre as ofertas presentadas se realizou con base en criterios de adxudicación fundados na mellor relación-calidade prezo ou, nos supostos permitidos pola lei, nun único criterio relacionado cos custos.

#### **Oitava. Efectividade dos pagamentos**

1. De conformidade co artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades ás entidades locais galegas (DOG núm. 201, do 2 de outubro), e para os efectos do establecido no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga por parte do órgano competente da entidade local.

2. Sen prexuízo do anterior, o concello beneficiario está obrigado a acreditar documentalmete, mediante xustificante de transferencia bancaria, a efectividade dos pagamentos dos gastos correspondentes á actuación subvencionada, no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria do aboamento da subvención concedida.

Para o cómputo do prazo dos sesenta días naturais, o concello presentará un certificado da intervención municipal en que se faga constar a data de ingreso na conta bancaria do Concello do aboamento da subvención.

3. O xustificante da transferencia bancaria estará debidamente identificado e selado pola entidade bancaria, agás que o pagamento se realice mediante banca electrónica. Neste caso, o xustificante da transferencia bancaria deberao presentar asinado electronicamente a persoa representante da entidade beneficiaria.

#### **Novena. Perda do dereito ao cobramento da subvención**





1. Producirase a perda do dereito do Concello de Boborás ao cobramento da subvención nos supostos de falta de xustificación, xustificación incompleta ou insuficiente, deficiencias non emendables na documentación xustificativa, incumprimento das obrigas impostas á entidade local beneficiaria neste convenio ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
2. Ademais de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso un incumprimento das obrigas impostas á entidade local beneficiaria neste convenio as seguintes:
  - a) Non acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación e/ou non presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na forma exixibles, de conformidade co previsto nas cláusulas deste convenio e demais normativa de aplicación.
  - b) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención. Sen prexuízo doutros supostos que o impliquen, considéranse incumprimentos das condicións establecidas para a concesión os seguintes:
    - Non executar, dentro do prazo fixado neste convenio, o proxecto completo que fundamentou a resolución de concesión. Para estes efectos, entenderase que non se executou o proxecto completo cando se xustifiquen partidas, conceptos ou elementos que representen un importe inferior ao 60 % sobre o orzamento inicial ou unha modificación deste debidamente autorizada polo órgano concedente.Exceptúase aquel suposto en que a redución co custo final da execución do proxecto derive dunha baixa no prezo de adxudicación do contrato.
    - Incumprimento da normativa de aplicación no ámbito local e, especificamente, a que rexe as contratacións das administracións públicas na tramitación e contratación das subministracións que constitúen o obxecto da subvención.
  - c) Calquera outra causa que poña de manifesto que a entidade non reunía os requisitos para ser beneficiaria destas subvencións ou a alteración dos supostos que serviron de base para concesión da subvención.





3. A perda do dereito será total ou parcial, segundo afecte todas ou algunhas das actuacións que integran o proxecto que fundamenta a resolución de concesión.

### **Décima. Reintegros**

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos seguintes supostos:

- a) Nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- b) No caso de producirse o incumprimento das obrigas do beneficiario da subvención recollidas na cláusula segunda deste convenio ou calquera outra das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, o Concello comprométese a reintegrar as cantidades percibidas, se as houber, xunto cos xuros de demora que deba aquel, segundo o procedemento establecido no título II do mesmo texto legal.
- c) Procederá o reintegro proporcional se o custo efectivo final do proxecto resulta inferior ao pagado. O eventual exceso de financiamento público calcularase tomando como referencia a proporción que a achega debe acadar respecto do custo total, de conformidade co previsto na cláusula terceira deste convenio.
- d) O incumprimento da obriga de xustificar a efectividade dos pagamentos nos termos establecidos nas cláusulas deste convenio constitúe causa de reintegro das cantidades percibidas xunto cos xuros de demora correspondentes.
- e) Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

De resolverse o convenio, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes poderá exixir o reintegro das cantidades achegadas, de ser o caso.

### **Décimo primeira. Compatibilidade con outras subvencións**

Conforme o disposto no artigo 40.1º, letra d), do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos, para a mesma finalidade, procedentes de calquera





Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea e/ou organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo do proxecto subvencionado.

### **Décimo segunda. Modificación do convenio.**

1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.
2. Respecto da subvención concedida pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, toda alteración das condicións tidas en conta para a súa concesión dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.
3. Ao abeiro do disposto no artigo 7 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, o concello beneficiario da subvención deberá presentar a solicitude de modificación da subvención concedida cunha antelación mínima dun mes, e xuntaralle a documentación establecida no apartado 4 do citado artigo 7:
  - a) Memoria xustificativa, na cal se faga constar que non se desvirtúa o proxecto subvencionado, que non suporá unha actuación deficiente e que se cumpre co obxectivo da resolución da concesión.
  - b) Orzamento ou proxecto modificado.
  - c) Relación e identificación concreta dos cambios introducidos en cadro comparativo.A modificación deberá respectar o obxecto da subvención, as actividades subvencionadas e evitar actuacións deficientes ou incompletas.

### **Décimo terceira. Facultades de inspección**

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través dos seus servizos técnicos reserva para si a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e dos requisitos con que se concede esta axuda.





#### **Décimo cuarta. Seguimento do convenio**

1. Para facilitar o seguimento, o cumprimento e a coordinación do convenio, constituirase unha comisión mixta de seguimento, integrada por dous representantes da Secretaría Xeral Técnica e dous representantes do Concello.
2. A Comisión rexerese polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e estará presidida por quen acorden os membros da Comisión por maioría simple e actuará como persoa secretaria/o quen se designe da mesma forma.
3. A Comisión poderá ditar as súas propias normas de funcionamento e deberá reunirse cando así o solicite algunha das partes.
4. As súas funcións serán:
  - Interpretación do convenio
  - Intervención previa á resolución por incumprimento
  - Proposta, de ser o caso, de addendas
  - Resolución de cantas dúbidas lle presenten os membros integrantes
  - Calquera outra relacionada co desenvolvemento deste convenio

#### **Décimo quinta. Causas de resolución**

1. Este convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:
  - a) O incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
  - b) O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga.
  - c) O acordo unánime de todas as partes asinantes.
  - d) Decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
  - e) Calquera outra causa prevista nas leis.

#### **Décimo sexta. Vixencia do convenio**





Sen prexuízo do establecido na cláusula cuarta, o presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2025.

#### **Décimo sétima. Natureza do convenio**

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, logo de informe ou proposta da Comisión de Seguimento, pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes; as partes quedarán suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

#### **Décimo oitava. Publicidade das obras**

O Concello de Boborás estará obrigado a cumprir as obrigas de información e publicidade establecidas neste convenio, que incluírán en todo caso:

- Durante a execución do proxecto, no exterior da instalación ou do recinto, o Concello fixará un cartel informativo da natureza das obras obxecto do convenio, coa indicación expresa das administracións públicas que colaboran no seu financiamento segundo modelo que se xunta como anexo II.

O tratamento tipográfico identificador das entidades participantes e dos seus logotipos ou anagramas será idéntico.

#### **Décimo novena. Publicidade do convenio**

1. As partes asinantes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal da transparencia e goberno aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.
2. Este convenio será obxecto de publicación, de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de





conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e mais co artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscripción deste convenio á Base de datos nacional de subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

### **Vixésima. Protección de datos**

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento ( UE) 2016/679 do Parlamento europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46 CE (Regulamento xeral de protección de datos) e demais disposicións vixentes sobre a materia.

### **Vixésimo primeira. Normativa aplicable**

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, e demais normativa de aplicación.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, as partes comparecentes asinan na data consignada na sinatura electrónica.

Conselleiro de Presidencia, Xustiza e  
Deportes

Alcaldesa do Concello de Boborás

Diego Calvo Pouso

Ana Patricia Torres Madureira





### ANEXO I

ORZAMENTO	
Concepto	Importe Euros
Interior módulo vestiarios	32.418,30
Exterior módulo vestiarios	3.548,69
Extinción de incendios	317,17
Xestión de residuos	110,84
Orzamento xestión material	36.395,00
21% IVE 7.642,95 €	7.642,95
<b>ORZAMENTO DE EXECUCIÓN 44.037,95 €</b>	<b>44.037,95</b>



**ANEXO II**

**MODELO CARTEIS INFORMATIVOS  
MEDIDAS FORMATO ESTÁNDAR A1**

**OBRA FINANCIADA (OU CONFINANCIADA, segundo corresponda) POR:**



**LOGOTIPO DO CONCELLO**

**OBRA:.....(Nome da obra)**

**DIRECCIÓN FACULTATIVA: NOMES E APELIDOS**

**EMPRESA ADXUDICATARIA: NOME DA EMPRESA ADXUDICATARIA**

**ORZAMENTO:.....€**

**DATA DE INICIO: DD/MM/AAAA**

**PRAZO DE EXECUCIÓN:.....MESES**





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES

